

RESUMO, REUNIÓN INICIAL COAS FAMILIAS. Criterios de cualificación

Dona Marta Elvira López Alvarín profesora titora do curso quinto de primaria. Impartirá as materias de : Lengua, Lingua, Sociais, Naturais, Proxecto Competencial (Valores). As demais materias serán impartida por: **Rosa-** Música, **Ana Quintela-**Plástica, **Mª Carmen-** Relixión, **Vanessa-** E.F., **Lucía..-** Inglés, **Luisa-** P.T., **Laura** A.L. Apoios na aula: Rosa e Lorena (a profe e 6º)

As titorías serán os xoves de 12:50 a 13:40, e os venres de 13:40 a 14:15, os especialistas, so esta segunda hora. Faranse por teléfono prioritariamente, cando se requira tamén presenciais. Agradezo que se me avise con antelación. Isto non quere dicir que non se poda ter unha titoría improvisada cando faga falta. Sempre vou estar a disposición vosa para aclarar dúbidas ou explicar calquera situación que se poida dar ao longo do curso que semelle conflictiva ou excepcional.

Respecto do protocolo covid, direi que xa non existe. Non vai haber clases a través de videoconferencia. Se os nenos ou nenas están enfermos, terán que recuperarse, non é o caso en que estean confinados e en bo estado de saúde, como ocurría no caso de covid. Se se encontrasen ben para facer tarefas pois podedes contactar comigo por teléfono e como van ter EDIXGAL pois a través desa plataforma, que funciona como unha aula virtual, podémonos contactar coas tarefas do día. O que si é importante é que xustificades as faltas de asistencia a través de calquera medio que temos. Por abalar, por teléfono, aínda que o mellor é cun xustificante médico porque só se admiten dous días de xustificación por parte dos pais, nais ou titores. Se faltan sen xustificación, temos a obriga de iniciar un protocolo de absentismo, “esperemos que non faga falta”

Asistencia a clase

Prégase puntualidade a hora de chegar, pois o retraso fai que se perda o ritmo da clase e tamén perder parte da materia que se leva dado nese tempo.

Séguese a dar froita no recreo pero aconsellase que traían tamén algo para comer, pois a moitos non lle chega ou non a comen.

Firmar as autorizacións para que poidan marchar sos, senón non poderán.

Entregar as autorizacións para a recollida anticipada.

Aconséllase traer a cantimplora para a auga. Coma o curso pasado poderanse rachear cando a auga da cantimplora se acabe, nos purificadores na entrada (instalados para tal fin), farano no recreo.

O alumnado que vai comer a casa non pode volver ao cole excepto que teñan extraescolares

Está totalmente prohibido o uso de móbiles ou outro dispositivo electrónico no colexio, no caso de velos, confiscarase e entregarse en dirección para que os titores veñan recollelo.

No caso de celebración de aniversarios, so poderán traer biscoito sen crema e comprado, non chuches.

EDIXGAL: Como é o primeiro ano que teñen está plataforma, non tedes que estar preocupados pois a primeira semana estarei explicando como funciona e como usala, os rapaces e rapazas non teñen ningún tipo de problema, pois están habituados o uso de ordenadores o videoxogos e están moito máis preparados que nos para usalos ...

Ten a vantaxe de que non teñen que traer libros de texto, pero na clase tamén usaremos os libros de 5º de anos anteriores, pera facer exercicios nos cadernos, resumos, cadros, debuxos, traballos e tamén fotocopias...

Vai estar totalmente prohibido xogar nos ordenadores en clase (excepto momentos puntuais e que eu ou outro profesor/a o permita) os exercicios que trae a plataforma son super sinxelos, así que aínda que parece que son moitos, fanse en minutos. Tampouco son moi operativos pos aínda que se poden copiar no caderno para facelos a plataforma dálle varias oportunidades para corrixir e, en moitos casos o que fan é realízalos no ordenador e cando van ben, pois copialos, e moitas veces nin len os enunciados.

É moi importante que supervisedes cando estudian pois van ter un ordenador individual para cada un, con acceso a internet. Poden estar facendo calquera cousa menos estudar. Incluso teñen un chat que poden estar utilizando cos seus compañeiros/as.

Tamén é moi importante que fagan as tarefas do día, normalmente levan as que non terminan na clase, e non solo tarefas escritas senón que estuden un pouco cada día (que memoricen) para coller un hábito de estudo.

Agradezo que si, en algún momento, tedes un fallo de internet mo fagades saber a través da axenda. Na plataforma tamén se pode traballar sen conexión, pois pódense baixar os temas no colexio e traballar na casa sen internet, pero as posibilidades son máis limitadas.

No momento das puntuacións dos exames: vou facer exames de 8 puntos, os outros 2 puntos: un por comportamento e outro por traballo sumaranse sempre que teñan nos exames escritos unha media de máis de 3,5. Para estes dous puntos vou ter en conta: A súa actitude na aula (silencio cando

se lle manda, atención cando se explica, acatar as ordes do profesorado...), o respecto aos profesores (malas contestacións...); o respecto entre eles (non admitirei insultos reiterados ou malos tratos, fóra do colexio buscamos amigos, dentro do colexio somos compañeiros que temos que convivir o mellor posible e colaborar, aínda que a veces non nos resulte doado...) non só dentro da aula senón tamén dentro do colexio, en calquera situación; o traballo na casa (tarefas feitas en boas condicións, boa letra, ou a lo menos que sexa lexible...); as notas dos controis que fago, unhas veces por escrito, pero outras veces pregunto oral para saber se estudaron un pouco o que estamos a traballar (non pretendo que vaian ben os exercicios, senón que se esforcen, se algunha tarefa non a entenden poden preguntar ao día seguinte, pero que eu vexa que intentou facela); control dos cadernos (que teñan as datas dos exercicios, que estean ordenados, que non salten páxinas do caderno, que se entenda a letra, que teñan os enunciados dos exercicios copiados...) Calquera outra cualificación que vaia aparecendo ao longo do curso (traballos, proxectos...)

As tarefas na casa son moi importantes pois son unha maneira e afianzar o que damos na clase, moitas veces parece que se entenden as cousas e cando estamos sos, na casa, reflexionando, pois aparecen as dificultades.

As axendas servirán de comunicación entre país –profesora, ademais de anotar as tarefas do día seguinte.

Cando fan algún exame sempre lle mando a nota na axenda ao corruxilo. Para que en todo momento esteades informados.

Preguntas.....

Insisto: Calquera problema ou dúbida que poda aparecer ao longo do curso, agradecería que se me comunicase persoalmente (falando e dialogando tentarase resolver)

Recomendo que estuden e fagan as tarefas tódolos días, podendo ser de xeito autónomo (supervisados polos país) sempre van ter algo que estudar ou tarefas que facer.

Moi importante que lean, pois a lectura vailles a facilitar a comprensión e a aprendizaxe en todas as materias.

Para aquel alumnado que precise reforzo ou recuperación facilitaráselle material complementario.

Os estoxos individuais , deixarannos na aula, na súa mesa.

MATERIAL DE INGLÉS

A profesora de inglés o curso pasado estivo de baixa, pide que os alumnado traía as carpetas plásticas que teñen dende primerio, senón que compredes una, se é posible. Tamén 10 cartolinas brancas de tamaño A4, e un clasificador con fundas de plástico.